



XV Premio

Xornalismo

Johán Carballeira

1. O certame está aberto a traballos de temática libre pertencentes a calquera xénero periodístico, publicados con firma ou pseudónimo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017. Os traballos, que deberan ter sido publicados en medios impresos ou dixitais, estarán escritos en lingua galega.
2. Aceptarase un só traballo por autor/a. Non poderán presentarse as persoas gañadoras das dúas últimas edicións do premio.
3. A presentación dos traballos poderá facerse por calquera das dúas vías seguintes e de acordo coas instrucións que se indican:
 - EN PAPEL: De cada traballo teñen que presentarse un orixinal e 3 copias da páxina ou páxinas completas da revista ou xornal que acolleu a súa publicación. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación "*XV Premio de Xornalismo Johán Carballeira*", no seguinte enderezo: Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). No interior do sobre, ademais dos traballos, achegarase unha folla coa seguinte información: Título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo e número de teléfono e correo electrónico.
 - POR CORREO ELECTRÓNICO: Deberá enviarse un só correo electrónico á conta concurso@concellodebueu.org poñendo como asunto "*XV Premio de Xornalismo Johán Carballeira*". Este correo deberá conter dous arquivos en formato PDF, un co traballo que se presenta e outro no que figure a seguinte información: Título

do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo, número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo.

4. O prazo límite para a recepción dos traballos que participen neste certame péchase o día 16 de xaneiro de 2018.
5. O premio terá unha dotación única de 1.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2018 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente. A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto.
6. O Xurado estará composto por tres persoas vinculadas ao xornalismo galego, unha delas nomeada pola asociación colaboradora "Amigos de Johán Carballeira", e máis un/ha secretario/a. Este xurado valorará positivamente aqueles traballos enmarcados nos xéneros da reportaxe e a entrevista, xéneros nos que desenvolveu maioritariamente o seu labor xornalístico Johán Carballeira.
7. A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través dos medios de comunicación no transcurso da semana anterior á entrega do premio. Prevese que esta se produza nun acto público enmarcado na Semana das Letras Galegas 2018.
8. O Concello de Bueu resérvase o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ó certame, na forma e o medio que estime máis conveniente, aínda que incluíndo sempre o nome de cada autor/a.
9. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.
10. Publicidade da convocatoria: Sen prexuízo da publicación das bases na páxina web municipal, estas publicaranse tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu.

